

COUSAS DE a estrada

Revista de
información local
nº2 / 2010



**O SENTIR DUN POBO
A RAPA DAS BESTAS DE
SABUCEDO**
| 4



**MOME. O MUSEO DA
MADEIRA E DO MOBLE DA
ESTRADA**
| 10



**O ROCK & KLOWN
ASALTOU A ESTRADA**
| 20



**O ESTRADENSE A
TERCEIRA DIVISIÓN**
| 16





m o m e

museo do moble e da madeira de a estrada

avenida benito vigo, 92 baixo. a estrada | telf.: 986 57 21 63

ÍNDICE

- 4 EN CUBERTA
- 7 A ESTRADA
- 12 TURISMO
- 15 QUÉN E QUÉN NO RUEIRO
- 16 DEPORTES
- 18 BREVES
- 22 DIRECTORIO

Nº 2/2010
Revista de información local
Xestión Publicidade: 981530200

Edita:
INICIATIVAS AUDIOVISUALES, S.L.
Rúa do Penedo, 1-baixo.
15706 Santiago de Compostela

Redacción:
QUATROYMEDIA COMUNICACIÓN

Fotografía:
Equipo, Agencia de Publicidad

Impresión:
IMPRENTA MUNDO

Depósito Legal:
C XXXX-2010

Distribución:
PUBLICITY

La empresa se reserva todos los derechos de la publicación, sin que pueda reproducirse total o parcialmente su contenido, sin el consentimiento previo de los editores.



O SENTIR DUN POBO

A RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO

UN ANO MÁIS A RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO, CELEBRADA DO 1 AO 5 DE XULLO, REUNIU A MILEIROS DE PERSOAS ATRAÍDAS POLA ESPECTACULARIDADE DA NOBLE LOITA DO HOME E AS BESTAS.

Este ano a festa mundialmente popular deu comezo en xoves coa primeira Gala da Rapa das Bestas, que se celebrou nas instalacións do Curro e que rendeu homenaxe aos aloitadores de Sabucedo, así como ao labor e empeño dos veciños e veciñas da zona e a todas aquelas persoas que fixeron que esta tradición chegue ata actualidade e sexa distinguida respecto a outras rapas sendo declarada como Festa de Interese Turístico Internacional.

O venres día 2 tivo lugar no Curro Vello a inauguración das exposicións “A rapa das bestas, o sentir dun

pobo” e “A Escola do Mestre de Sabucedo”, e pola noite celebrouse na carballeira do Campo do Medio o tradicional festival folk “Sons da Rapa”, que nesta edición contou coas actuacións musicais dos grupos “Sacha na horta”, Compañía do ruído”, “Falperrys” e “Bodega bodega”.

Na alborada, como manda a tradición, os veciños pediron ao santo protección durante a celebración da Rapa na tradicional misa en honra a San Lorenzo, patrón do lugar. Ás 7.00 da mañá, tras a cerimonia relixiosa, as cuadrillas, for-



A orixe da Rapa

A orixe desta tradición atópase, segundo a crenza dos veciños de Sabucedo, nunha grande peste que estaba a devastar a bisbarra aló pola segunda metade do século XVI. Nesta situación ocórreselles a dúas irmás que vivían no pobo ofrecerlle ao Santo, San Lourenzo, patrono da parroquia, dúas bestas da súa propiedade se este as defendía da devandita peste, como así foi. Estas, ao sentirse salvadas, cumpriron a súa promesa entregándolle unha parella de bestas ao párroco, que as ceibou no monte e co paso do tempo fóronse multiplicando.

Independentemente desta versión, que se basea na tradición oral, os datos históricos de que se dispoñen parecen constatar que a orixe da festa da Rapa, na forma que hoxe a coñecemos datan da segunda metade do século XVII.

Máis información en: www.rapadasbestas.es

madras por homes e mulleres, emprenderon a subida ao monte desde o Celeiro en busca dos cabalos que viven en liberdade. Tras un grande esforzo, conseguiron reunir centos de exemplares, xuntando as greas no Peón e guiándoos ata Sabucedo para despois introducilos no Curro. Aquí os aloitadores loitaron corpo a corpo coas bestas para cortar as súas crines, desparasitalos, e separar aos potros dos adultos nun ritual ancestral.

Como é costume, o luns despois do terceiro e último curro, a marcaxe e solta das bestas para o monte puxo fin á Rapa, tralo disfrute ao longo de cinco días dun completo programa de actuacións musicais, espectáculos, verbenas e xantares.

O Curro

O traballo levado a cabo no curro é sen dúbida, pola súa perigosidade, o acto máis espectacular que nesta festa se pode observar. É o xeito de realizalo o que diferencia á Rapa de Sabucedo do resto das feitas en toda Galiza, por non se utilizar máis armas que o propio corpo e forza do aloitador. No resto das rapas é común ver cordas e varas das que o home se axuda para gañarlle esa loita aos animais, mais na de Sabucedo, so un código de accións vale para conseguir vencer ás bestas nunha loita corpo a corpo. Este código baséase nunha forma de actuar e aloitar que se herdou de xeración en xeración: dous aloitadores van á cabeza e un ao rabo. Un dos que vai á cabeza debe ser o que salta enriba da besta e cabalga sobre ela.

Pouco despois, o segundo da cabeza acude na súa axuda. Cando este chega e se engancha das crinas dianteiras, o que está subido no équido debe baixarse. Ao mesmo tempo o





O monte

Cara as sete da mañán empréndese a marcha; os veciños de Sabucedo, acompañados de moitos visitantes que os axudan á baixa, sempre baixo as instrucións daqueles, toman camiño adiante, saíndo dos termos da aldea cara aos lonxanos montes. A Pranzadoira, a Conla, o Cábado, a Espiñeira, Souto... e moitos máis, son os montes que na primeira mañá da festa han de andar as xentes que se botaron ao monte en busca das bestas.

Conforman estes montes unha paraxe de 45 Qm cadrados de natureza na que os participantes poden deleitarse coas fermosas vistas dunha paisaxe chea de regatos, grandes penedos e sendeiros polos que poden camiñar e pasar un bo día ao carón das bestas.

O camiño cara ao monte cóllese pola carballeira de Piquite. Despois de atravesar a estrada que une a Sabucedo con Quireza, iníciase unha subida ata a Espiñeira.

Chegados ao monte a xente divídese en grupos, e encamiñanse aos seus obxectivos: unha vez localizada cada grea, rodéase, apretando o cerco lentamente ata conseguir encamiñalas na dirección prevista; así sucede de forma combinada e polos distintos grupos nos diferentes lugares do monte: No Cádabo, Pranzadoira, Conla, etc., para conducilas ata alcanzar a vaguada do “Peón”, onde son reunidas todas as greas. Unha vez despachado o “tente en pe”, reempréndese a marcha cara Sabucedo.

aloitador que vaia ao rabo debe facer unha serie de movementos para intentar desequilibrar ao animal. A besta pode quedar de pé ou ser derribada dependendo da forza que esta exerza. Non é un traballo doado xa que conleva unha forte compoñente de aprendizaxe a priori, posto que o aloitador ha de saber “cruzar” ben o animal. Esta acción correspóndese con encaixar a man na parte inferior da queixada do cabalo, pasándolle o outro brazo arredor do pescozo. Cando a besta queda inmovilizada, procédese ao corte das crinas, que os cativos se ocuparán de gardar nas esteiras.

Son os rapaces os que inician o curro collendo os pol-driños para separalos e que así non se fagan dano nas diferentes tarefas. O rapaz pequeno “iníciase” simbolicamente na xuventude ou madurez, guiado e dirixido polos xa iniciados. Deste xeito o rapaz queda admitido simbolicamente no grupo dos que van ter parte activa na dominación dos cabalos salvaxes nun futuro, como recolleitadores dunha tradición que sucede no curro. Non é doado transmitilo a quen non o vivira directamente algunha vez, posto que se trata dunha experiencia na que se mesturan a vivencia comunal do pobo, como espectador e como aloitador, na busca da súa propia identidade e autoafirmación, a vivencia da loita, do triunfo, da colaboración... No curro só se leva a cabo a rapa dos cabalos e eguas “do Santo”, xa que o resto son particulares, e serán os seus donos os que o luns nos seus propios acurramentos fagan as tarefas oportunas.





RENOVARSE OU MORRER

O COMERCIO DE A ESTRADA ADAPTA A SÚAS ESTRATEGIAS AOS NOVOS HÁBITOS DE COMPRA

O pequeno comercio urbano realiza unha valiosa aportación ao crecemento sostible das vilas e cidades e, en particular, á cohesión social no entorno urbano, como xerador de vida, de actividade económica e vertebración social. Comercios nos que conviven a tradición e a modernidade e nos que a atención e servizo ao cliente cobran un valor preferente.

O comercio de A Estrada é un exemplo desta filosofía, na que o cliente pasa a ser o auténtico protagonista, un cliente

que, como ocorre de forma xeralizada, está a apuntar novas tendencias e a modificar parcialmente os seus hábitos de compra. Cambios de todo tipo –sociolóxicos, demográficos, tecnolóxico– están modificando os hábitos de compra dos consumidores que obrigan aos profesionais do comercio a renovar as estratexias para dar resposta a un cliente cada vez máis informado, máis esixente e tamén máis volátil.

Segundo estudos recentes de consultoras internacionais, a satisfacción e os hábitos de compra dos consumidores euro-



peos no futuro máis próximo estarán determinados por factores como os valores humanos. Por tanto, os consumidores van demandar cada vez máis honestidade, confianza e fiabilidade, inclinándose polos establecementos que reflictan estes atributos na súa oferta comercial e respondendo favorablemente aos establecementos que representen eses valores humanos na interacción con eles.

Os profesionais do comercio saben que os consumidores están a modificar estes hábitos e buscan nos seus provedores de produtos e servizos algo diferente. Nesta coxuntura, os empresarios do comercio analizan as novas demandas e necesidades, estilos de vida e aspiracións, para desenvolver unha estratexia que entronque coas expectativas da clientela, da forma máis efectiva e eficiente posible.

Este cambio nos valores e no comportamento do consumidor está sendo aceptado como unha nova oportunidade para o pequeno comercio, que está a por en valor a súa capacidade de establecer unha relación intensa, cercana e directa co cliente, sendo esta capacidade de interacción unha valiosa vantaxe fronte ao trato impersoal doutras fórmulas comerciais.



Adecuándose a esta nova tendencia, a Asociación de Comerciantes da Estrada, ACOE, traballa para manter un comercio moderno e competitivo. Na actualidade agrupa a máis de 160 empresas, integrando o comercio e a hostalaría e aunando esforzos por facer dos negocios locais unha alternativa conxunta para o cliente.

Fundada en 1998, neste tempo a Asociación centrou o seu labor en ofrecer vantaxes competitivas para os seus asociados ademais de levar a cabo atractivas iniciativas para dinamizar a poboación en ámbitos como o deporte, a cultura ou a saúde.

ACOE, cuxa oficina está na rúa Calvo Sotelo nº??, informa e presta asesoramento aos seus socios sobre novidades, axudas e asuntos que competen ao pequeno comerciante. Ademais, a través de convenios con empresas locais, presta numerosos servizos aos seus socios entre os que destacan o servizo xurídico gratuíto para asuntos relacionados co seu labor empresarial ou a aplicación dun desconto en servizos de xestoría.



Unhas das axudas máis vantaxosas para os comerciantes pertencentes a ACOE é unha importante rebaixa na gardaría Pícaros, o que lles facilita a conciliación familiar e laboral. Doutra banda, os asociados poden dispor dunha conta de correo electrónico a través do dominio de acoe.es, participar da feira de oportunidades que celebra ACOE anualmente, beneficiarse dun desconto para a creación da súa páxina web corporativa ou dunha dedución no prezo da matrícula da Escola Municipal de Teatro da Estrada para eles e os seus familiares directos... entre outros moitos servizos e todo por unha cuota mensual de 10 euros.

Así mesmo, os clientes dos establecementos adheridos á Asociación pódense beneficiar dunha hora de aparcadoiro gratuíto no parking de San Antón así como do servizo de entrega a domicilio das súas compras realizadas, ideal para sorprender con agasallos ou realizar comodamente unha compra pesada.



Actualizando coñecementos, mellorando a profesión

Co obxectivo de incrementar e actualizar a competitividade e especialización dos traballadores, ACOE organiza accións formativas en temas estratéxicos para o comercio como novas tecnoloxías, marketing, escaparatismo e empaquetado, Lei de Protección de datos... en función da demanda e das necesidades dos profesionais. Entre os que se ofertan para despois do verán, os comerciantes poderán

formarse en prevención en riscos laborais, deberes fiscais e tributarios no pequeno comercio, calidade e servizo ou en temas de relevancia como a importancia da imaxe comercial ou arbitraxe e follas de reclamación.

A visión de ACOE baséase nun comercio aberto no que poidan participar e beneficiarse todos a través dunha estratexia colectiva, centrándose na actualidade en seguir a consolidar a marca ACOE no pobo como símbolo de calidade e servizo, e a traballar na defensa do comercio e o pobo no seu conxunto.

¡VIVE A ESTRADA!

SERVICIO A DOMICILIO

PIZZERIA • CAFETERÍA
Desde 1990

ARGENTINOS
BURGER

Avda. Benito Vigo, 70
Tel.: 986 57 12 26

ESPECIALIDAD EN
COMIDA ITALIANA, ARGENTINA Y MEXICANA

Scuderia
acing

Avda. Fernando Conde, N°49
Telf.: 986 57 14 34
Móvil: 692 04 40 99
36680 A Estrada
scuderia@scuderia.e.telefonica.net

CLINICA DENTAL
CUNTIS
DRA. PURA RODRÍGUEZ COTO

Odontología General e Infantil
Colegiado: 632

Teléfono previa cita: 986 532 683
Urgencias 24 horas: 639 889 334

SEAT

Beyma Motor, S. L.

Avda. de Benito Vigo 117, B 36680
A Estrada. Teléfono 986-575755

Servicio de cambio de aceite con chequeo completo de vehículo con máquina de diagnosis VAS5052, revisión de niveles, neumáticos, pastillas de freno y lavado del vehículo desde ***38,81 euros.**

Oferta válida hasta 30/09/2010

*Ejemplo para servicio con aceite Repsol TDI 15W40. IVA no incluido

*O teu
anuncio
aquí*



MOME, MUSEO DA MADEIRA E DO MOBLE DA ESTRADA

O MUSEO SERVE COMO LEMBRANZA DA HISTORIA DA PRODUCIÓN DO MOBLE NA ESTRADA

A Estrada conta desde o pasado mes de marzo cun Museo da Madeira e do Moble, MOME, un espazo multifuncional situado na Avenida Benito Vigo nº 92, financiado con fondos Leader e xestionado a través da Fundación Cultural estradense.

O obxectivo principal do Museo é dar a coñecer a importancia da madeira na nosa sociedade. Por unha banda, céntrase no papel da árbore e do bosque como elementos de biodiversidade e fundamentais no proceso de rexeneración atmosférica co propósito de fomentar o

sentimento de protección cara aos nosos bosques, poñéndoo en valor e impulsando a súa conservación.

Por outra banda, e dada a relación deste museo co sector industrial do Concello estradense, outra das liñas que exhibe é a historia da produción de mobles na Estrada, desde as súas orixes ata hoxe en día. Así, se destaca a importancia da silvicultura como elemento económico, que contribúe á creación de riqueza no medio rural, e polo tanto ao asentamento da poboación.

A través de distintos elementos expositivos, faise un percorrido polas sucesivas fases de produción e elaboración, desde a corta, o procesado e o serrado, ata chegar á transformación final.

O museo céntrase na evolución da tecnoloxía de traballo da madeira, desde os primeiros tornos e serradoiros que dependían da forza humana ou de cursos de auga, ata as modernas fábricas actuais que se localizan no noso territorio.

Un dos elementos destacables que contén o Museo é unha panoplia cunha ampla colección de ferramentas tradicionais de carpinteiros e ebanistas, cedidas por Antonio Garrido. Deste xeito, búscase recoller a memoria do sector madeireiro na Estrada, recompilando tanto as ferramentas como referencias ás instalacións relacionadas con el.

De cara a visualizar a importancia que a madeira ten nas nosas vidas, o Museo inclúe entre as súas pezas varios mobles e elementos, tanto modernos como históricos, utilizados nas distintas fases da vida humana.

Ademais, o Museo alberga tamén espazo para as novas tecnoloxías e tendencias expositivas. Conta cunha sala de proxeccións, dende a que se emite unha curtametraxe na que participan coñecidos actores estradenses.

O percorrido expositivo ten unha clara intención didáctica e interactiva, buscando a complicidade e participación do visitante, concebido tanto para o público infantil como adulto.

Unha das instalacións consiste nunha mostra de distintos anacos grazas á cal se poden comprobar as diferentes porosidades, durezas e densidades deste material, en función da súa árbore de procedencia, o cal condiciona tamén o seu posible aproveitamento.

A sala que alberga a exposición foi deseñada co criterio de versatilidade para adaptarse a distintos usos, coa intención de que poida servir de sede doutras iniciativas impulsadas polo empresariado local, como poden ser xornadas e charlas técnicas, ou outras iniciativas como obradoiros para nenos, sen perder a súa esencia museística.

De feito, é suliñable a colaboración dos mobleiros e profesionais da madeira estradenses no proceso de realización dos contidos do museo. O equipo responsable do museo entrevistouse con distintos artesáns e industriais da madeira locais para recabar información sobre os aspectos máis significativos de cada empresa e sobre as características do conxunto do sector.



CLÍNICA DENTAL CUNTIS, PRIMERA EN LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA EN OBTENER EL CERTIFICADO DE CALIDAD ISO 9001:2008

Clínica Dental Cuntis Dra. Pura Róriguez Coto es la primera clínica dental en la provincia de Pontevedra en conseguir la ISO 9001:2008 y la segunda de Galicia en obtener el certificado AENOR.


El proceso de certificación, comenzado en 2008 y que concluyó en 2009, posiciona a esta clínica situada en Cuntis como referente en el ámbito odontológico en Galicia, representando un respaldo internacional de primera línea a los servicios asistenciales que presta la misma.

Acorde a sus objetivos basados en el compromiso con la calidad, satisfacción del cliente y mejora continua, la Clínica Dental Cuntis trabaja con los más elevados estándares de excelencia satisfaciendo las más altas expectativas de sus pacientes.

Para obtener el nivel de certificación ISO 9001:2008, la Clínica Dental Cuntis Dra. Pura Róriguez Coto ha tenido que satisfacer los estándares de calidad más elevados. Los requisitos incluyen un mayor hincapié en conseguir y medir la satisfacción de los clientes, la adhesión rigurosa a un modelo de proceso estrechamente ligado a las prácticas de la Clínica, y un proceso para continuar mejorando, tal como exige el sistema de gestión de calidad de la misma. Es, en definitiva, buscar constantemente la satisfacción del paciente a través de las prácticas dentales más rigurosas.

La auditoría del equipo de AENOR identificó especialmente el seguimiento realizado sobre el servicio prestado al paciente a lo largo de todo el proceso sanitario, desde citación, revisiones, esterilización, etc.

En palabras de la doctora Rodríguez, “esta certificación demuestra que el compromiso de nuestra clínica con la calidad y con nuestros pacientes trasciende a todos los aspectos de la misma y ofrece una validación independiente de los rigurosos procesos que hemos puesto en marcha para aumentar la satisfacción de nuestros pacientes y situarlos como lo más importante”.



FESTAS PATRONAIS DA ESTRADA

A ESTRADA VIVIU UN AMBIENTE LÚDICO E ALTAMENTE PARTICIPATIVO DURANTE AS FESTAS PARROQUIAIS DE SAN PAIO 2010.

Do 23 ao 27 de xuño o bo tempo acompañou o intenso programa de actuacións musicais e actos deportivos e culturais que encheron as rúas día e noite, case ininterrompidamente.

As festas arrincaron o mércores 23 xa pola tardiña coa celebración de sardiñadas en diferentes zonas do pobo e parroquias, preámbulo á noite de San Xoán e á celebración da chegada do solsticio de verán. Foron moitos os veciños e veciñas que se animaron a degustar as sardiñas ás brasas, sendo a Zona dos Viños unha das que reuniu a un meirande número de persoas, así como a sardiñada da Avenida de Pontevedra, que estivo acompañada das actuacións de “Os ke hai” e “Regato de Matamulleres”.

Noite de San Xoán

Na noite máis curta e máxica do ano, numerosas cacharelas arderon pasada a media noite para dar paso ao inicio do verán. Persoas de todas as idades congregábanse ao redor das 130 fogueiras que se prenderon no termo do concello para bailar e brincar por riba do lume.

En Berres iluminaron como todos os anos a zona do Areal na que sen dúbida é a festa de San Xoán por excelencia da zona. O Lumeiro do Areal segue a congregar ao redor da súa tradicional fogueira cada vez a máis persoas,- estradenses na súa meirande parte, pero tamén de Vedra, Santiago e doutros puntos de Galicia-, atraídas polo ambiente único que se vive á beira do Río Ulla.



Trala cacharela, na que moitos dos visitantes botaron ao lume papeliños con desexos escritos para atraer a boa sorte, a festa prolongouse ata altas horas coas actuacións da cantante estradense Paty e os grupos “Nao” e “O ke oh!” de Vedra.

Música, teatro e deportes foron os grandes protagonistas das festas

Os sons das bombas de palenque e das pasarrúas da Banda Cultural da Estrada espertaban cada mañá aos estradenses para incialos nunha renovada e animada xornada festiva, con actividades moi diversas repartidas en diferentes lugares.

Eladio Rodríguez González no seu Breviario enciclopédico: "Na noite de San Xoán parecen realizarse tódalas maravillas. Acéndense nas cidades, vilas e aldeas as tradicionais lumeiradas, arredor das cales canta a mocidade, baila e brica por riba das chamas; pasan logo os gandos para que reciban o orballo de San Xoán, cando xa as fogueiras esmoreceron, facendo que as redes reciban o remol aínda fumegante; póñense ó relento herbas e plantas recendentes, mergulladas en auga, e nesta auga sandadora lávase á mañá seguinte toda a familia, na crenza de ver curadas as erupcións do cute que padecen; tómanse ás doce da noite as nove ondas do mar polos que viven preto; non poucas persoas acoden á praia máis cercana, malia teren que percorrer unha distancia de dúas a tres légoas para recibi-las salutíferas ondas; chimpándose nove veces ó río os ribeiráns do Miño ó dálás doce da noite, cren que esas ablucións lles serán beneficiosas.

As mozas solteiras botan a clara e a xema dun ovo nun vaso con auga, que poñen ó relento para observar ó saí-lo sol as formas caprichosas que adoptou o contido e deducir diso a profesión ou oficio que terá o desexado noivo ou o



A Escola Municipal de Teatro da Estrada estreou no Teatro Principal durante as festas as obras dos grupos infantil e xuvenil "A avoa cabra e as sete cabuxiñas" e "A verdade por diante". Os maiores representaron tamén unha comedia, "Un sombreiro de palla italiana", de Labiche Eugène, que incluíu números musicais e sorpresas.

As charangas -Os Atrevidos, T.N.T., Os arrieiros, Os xirimbaos- e os gaiteiros - Retrouso, Antaruxa, Lume na lareira, Banda de gaitas de Barbude- sucedéronse ao longo das cinco xornadas para percorrer coas súas músicas as rúas do casco urbán e inundalas de ritmo.

A Alameda acolleu numerosas actividades como os campiónatos de 3x3 de baloncesto e fútbol, o III Campionato de Xadrez, ou actuacións musicais da Banda Cultural da Estrada.

Asemade a Praza do Concello foi escenario doutras tantas actuacións entre as que destacan as exhibicións de ximnasia Absolute e de Sondeo Dance, a tradicional batalla de bandas locais de rock, e os concertos de Sidonie, Pe de boi, Linho do Cuco e Susana Seivane, que foron apaludidos por un gran número de espectadores.

Os nenos e mozos puideron disfrutar das atraccións situadas na Praza da Feira e os máis cativos divertéronse cos xogos organizados na Praza do Mercado, que acolleu outros actos festivos como o concerto folk dos Tirabeques.

As verbenas das noites do San Paio foron animadas coas orquestras Pasarela, Ritmo Xoven, Noche de Gala, Tango, Santiago de Madrid, América e Hollywood de Santander,

futuro esposo; hai quen cre que as meigas aproveitan a noite de San Xoán para dirixirse polos aires ós seus conciliábulo de Sevilla ou do noso areal de Coiro; e tales virtudes salutíferas e purificadoras teñen as augas nesta noite única, que tamén posúen facultades prolíficas para a moza que acade coller a chamada Flor da auga fría. En non poucas aldeas galegas moitas persoas adoitaban madrugar para ver por un cristal afumado como o sol nace bailando na madrugada dese día vizoso en prodixios. A mocidade das aldeas, aproveitando as sombras, dedícase a cambiar de sitio e saca-las cancelas dos seus gonzos, os carros, os apeiros de labranza e tódolos enseres que poden levar duns sitios a outros máis ou menos afastados; deste xeito aparecen pola mañá na eira dun veciño o que estaba recollido no alpendre doutro; e así trasladaban á Veiga vella os efectos dun veciño da Veiga nova; e aínda atrancan as portas de moitas casas para que os moradores non poidan saír doadamente delas. Nas poesías dos trovadores medievais fanse referencias adoito a estes costumes que xa entón eran propios de noite e de día tan sinalados".

XV Subida automobilística da Estrada

Un total de 43 pilotos participaron na competición da decimoquinta edición da Subida Automovilística da Estrada organizada pola Escudería Estradense. A proba contou cun numerosos espectadores situados en distintos puntos del trazado que foi de 5,4 quilómetros entre Paradela e Aguións.

Cristóbal Serantes, de Ribadumia proclamouse gañador por terceiro ano consecutivo, seguido de Andrés Vilariño, catro veces campión de Europa e tetracampión español de montaña, e en terceiro lugar Benito Varela.



ata as que se achegaron numerosas persoas para con moitas ganas de bailar.

O programa de festas completábase con actividades tan diversas como o Festival do Conservatorio Profesional de Música da Estrada , exhibicións das Escolas de Natación Sincronizada nas piscinas municipais, exhibición de Protección Civil no campo de fútbol de Baiuca, exhibición de canicros e competición non oficial desta disciplina polas rúas da Estrada, xincana ciclista popular, carreira popular na que participaron centos de atletas, torneo de billarca na Baiúca, final do torneo de tenis Concello da Estrada e actuacións coma do grupo de percusión Os Bloquinhos.

Os actos relixiosos tamén tiveron lugar nas festas coa celebración das misas cantadas por parte do Coro xuvenil Clave de Sol de Camabados, da Coral Polifónica de Soutomaior e da Banda Municipal da Estrada, así como a tradicional procesión do San Paio, á que asistiron representantes municipais.

O domingo 27 a tirada de fogos na rúa Antón Losada puxo fin a unha festas patronais caracterizadas polo alto índice de participación. Tal e como destacou Manuel Sanmartín Obelleiro, concelleiro de Cultura da Estrada, “estas foron as

festas da participación. Os veciños e veciñas da Estrada son quen deron sentido ás festas, coa súa presenza”.



HAMBURGUESAS · GRANIZADOS · HELADOS · BATIDOS · CAFÉS



Café Boliche

Avda. Benito Vigo, 74 · Tel. 986 575 175 · A Estrada

QUÉN E QUÉN NO RUEIRO

CALLE DE WALDO ÁLVAREZ INSÚA




Avogado, escritor e xornalista. Waldo Álvarez Insua foi un dos máis sobranceiros xornalistas da emigración galega en América. O seu nome está asociado a unha das principais publicacións da emigración: El Eco de Galicia. Iniciador de importantes sociedades galegas na Habana, Álvarez Insua foi un dos principais valedores do rexionalismo galego en Cuba. Nado na Estrada o 10 de xuño de 1856. Con tan só catorce anos colaborou co xornal Heraldo Gallego e en 1873 publicou algúns poemas na Revista Galaica. Ora ben, os seus artigos máis comprometidos viron a luz no periódico compostelán Gaceta de Galicia, traballos nos que o estradense denunciaba o sistema político da Restauración e que motivaron a decisión de Álvarez Insua de seguir o camiño da emigración.

Así chegou a Cuba en 1877 matriculándose na Universidade da Habana e obtendo a licenciatura en Dereito. Traballou durante dez anos como escribán para posteriormente abrir o seu propio bufete. Tamén realizou tarefas xornalísticas fundando o semanario El Eco de Galicia, o 8 de marzo de 1878. Tres anos despois da súa aparición o semanario deixou de publicarse por problemas administrativos reaparecendo en 1882, saíndo regularmente até o 5 de outubro de 1901. Desde o xornal propuxo, o 12 de outubro de 1879, a fundación dun “Ateneo Gallego” que foi a primeira pedra do que, nese mesmo ano, sería o Centro Gallego da Habana. En marzo de 1888 foi elixido como director da Sección de Sanidade do Centro Gallego. Tamén ocupou relevantes cargos dentro da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia, a institución máis antiga da emigración galega (fundada en 1871); desta entidade foi consiliario (1886) e secretario (1891). A Álvarez Insua tamén se lle atribúe un destacado papel na fundación da Sociedade Gallega de Beneficencia de Remedios.

Dende a Habana viaxou con relativa frecuencia a Galicia. En novembro de 1899 trasladouse a Madrid onde faleceu o 10 de agosto de 1938.

CUBIK
sección inmobiliaria®
A E S T R A D A



Justo Martínez, 8 bajo
36680. A Estrada, Pontevedra
Teléfono: 986.590.950 Fax: 986.590.951
www.cubiknmobiliarias.com



O ESTRADENSE À TERCEIRA DIVISIÓN

O FÚTBOL DA ESTRADA ESTÁ DE PARABÉN AO CONSEGUIR O CLUB DEPORTIVO ESTRADENSE O ANSIADO ASCENSO A TERCEIRA DIVISIÓN O PASADO MES DE MAIO.

Tras unha sufrida tempada e despois de 19 anos do seu último ascenso, o equipo local de fútbol volverá a competir na categoría nacional.

O pasado día 19 iniciou xa a preparación para a tempada con 18 xogadores. O Estradense, dirixido por Fabiano Soares e presidido por Juan Manuel Afonso, ten case pechada a plantilla da vindeira Liga tras renovar a unha dúzia de xogadores dos que lograron o ascenso: Adao, Brais, Iván, Roberto Amoedo, Manuti, Pepe Rico, Fafú, Unai, Damián, José Ramón, Vicente e Julián. Entre as novas incorporacións están o porteiro Damián Seijoso Reijo e o xogador Roberto Piñeiro, ambos os dous procedentes do Santiago de





Compostela, e o defensa santiagués Rubén Castiñeiras "Gelo", que a pasada campaña militou no Flavia.

Historia do Club Deportivo Estradense

Nuns anos de precariedade económica e de fiebre futbolística na bisbarra da Estrada, alimentada polo auxe deste deporte a primeiros do século XX, pola nula oferta de ocio na sociedade de aquel tempo e pola dimensión competitiva entre pandillas de amigos e entidades de poboación diversas, así como unha euforia colectiva reflexada nese intre no Concello da Estrada e no seu alcalde D. Benito Vigo Munilla, querendo dotar á nosa Vila de infraestruturas e servizos que non tiñan a grande maioría de Vilas galegas, como a traída de auga, alcantarillado ou praza de abastos, fixo, que a ilusión creada, polas causas anteriormente citadas, nos habitantes da Estrada (1592 no casco urbán e 25471 na totalidade do concello), así como nos emigrantes de distintas partes do mundo, derivara no sostemento económico e social dunha nova entidade deportiva que naceu no ano 1925 para se-lo referente deportivo e de ocio do noso Concello, denominada Deportivo Estradense.

Principalmente foron os promotores de esta fundación: D. Emilio Velasco García, comandante do Batallón de Reserva da Estrada e primeiro presidente do Club e máis D. Jesús Durán Taboada, empresario estradense; neste ano 1925 estas persoas pediron a colaboración do Concello da Estrada para soste un equipo de fútbol, obtendo a clásica resposta de que non había presuposto; sin axuda previa, puxéronse ó fronte con un grupo de aficionados, decidindo levar o Club adiante con xogadores estradenses e algún militar do destacamento local, e coa idea de federa-lo equipo a curto prazo, organizan-

do mentras partidos amigables, en principio en campos forasteiros, xa que na Estrada nese intre, non había un lugar para practicar fútbol, debido a que na ubicación do antigo Campo da Pira construíase a Praza de Abastos,.

O Deportivo Estradense xogou o seu primeiro partido con esta denominación, na Vila de Caldas de Reis, o día 31 de Maio do 1925, contra un equipo da localidade de Padrón, os da Estrada vestiron camisa de cor vermella e presentaron a seguinte alineación: Pereira; Lueiro, Jesús; Emilio, Cándido, Xestoso; Rey, Carballada, César, Campos e Pepucho; o encontro rematou co resultado de 3-2 a prol do conxunto da Estrada; xogáronse posteriormente varios encontros noutras localidades, cunha numerosa presenza de aficionados estradenses, atraídos polas excursións organizadas paralelamente ós partidos. No ano 1926 o Deportivo Estradense figura federado na Serie C Rexional, terceira categoría a nivel galego, despois da Serie A

onde foi campeón o Celta, e da Serie B onde gañou o Alfonso XIII de Pontevedra.

Despois duns anos nas categorías de 1ª e 2ª Regional ascendeu á Rexional Preferente no ano 1988 e tres anos máis tarde á 3ª División, categoría na que compiteu sete tempadas, conquerindo nunha delas a clasificación para xoga-la Copa do Rei; nestes anos e baixo a presidencia de D. Alfonso Varela Vázquez, a máis longa da historia do Club con 18 anos en dúas etapas, intentouse facer unha base con equipos de tódalas categorías, dado que o Deportivo Estradense historicamente, como moito, tivo de seu un equipo B denominado Atlético Estradense ou un na categoría xuvenil; tamén levouse a cabo unha fusión de tódalas modalidades deportivas existentes dentro dun proxecto denominado Grupo Deportivo Estradense.

Para máis información <http://cdestradense.es>





NOVA CONEXIÓN DE A ESTRADA DIXITAL

Desde o día 1 de agosto, A Estrada Dixital ofrece, amais da actual, unha nova conexión á rede de internet con tres Megs de descarga de datos e 1,5 de subida, que representa un importante incremento con respecto ao servizo actual, que consiste nunha conexión simétrica de 1 Mega de descarga e 1 Mega de baixada.

A tarifa da nova conexión é de 18,90 euros máis IVE ao mes, fronte aos 10 euros máis IVE da tarifa básica dun Mega. Aqueles usuarios que non soliciten o incremento de liña, seguirán a recibir o servizo dun Mega polo prezo establecido.



CAMPAMENTO NO MAR

O Concello da Estrada organiza un Campamento no Mar para rapazas e rapaces que se celebrará en Ribadeo (Lugo), nas instalacións do Campamento Xuvenil A Devesa. Levarase a cabo en dúas quendas: unha primeira que terá lugar do 18 ao 24 de agosto; e unha segunda entre o 23 e o 29 de agosto. En total, este ano recibíronse 82 solicitudes, das que tan só puidéronse admitir 37 por quenda, dada a dispoñibilidade de prazas.

Previamente, tivo lugar unha xuntanza cos pais e nais sobre aspectos organizativos, para comunicar as quendas e informar sobre os horarios de saída e de chegada, o equipamento e as instalacións do lugar onde se levará a cabo.



O CONCELLO SOLICITA Á XUNTA O ARRANXO DA ESTRADA A CASTROVITE

O Concello da Estrada remitiu un informe á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas solicitando o arranxo da estrada de titularidade autonómica que, partindo desde o vial de acceso á AP-53 (Santiago Ourense), chega ata Castrovite (Orazo), e á estrada N-525.

O informe municipal pon de manifesto que este vial presenta un evidente deterioro do seu firme, non só a nivel da capa de rodadura, senón con afeccións profundas que afectan ás capas inferiores da estrada. Ademais de numerosos baches, badéns, e fisuras na superficie, nalgúns lugares

atópanse á vista os materiais compactados que forman o soporte da mesma.

Nesas condicións, é unha estrada perigosa para os seus usuarios. Ademais, trátase dun vial que presenta unha gran pendente, o cal incrementa o risco para os mesmos. O concello pide que a Xunta adopte medidas antes do inverno, xa que no seu estado actual, a chegada do período de choivas pode acelerar enormemente o seu deterioro. Esta estrada soporta unha importante circulación de vehículos pesados.

REPRESENTACIÓN DE ‘BOSQUE DE BOSQUES’ PARA SENSIBILIZAR NA PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTALES

O domingo 25 de xullo representouse no Teatro Principal da Estrada a obra “Bosque de Bosques”, promovida polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino, a través da Campaña de Sensibilización para a prevención dos incendios forestais.

Con motivo do 50 aniversario, en 2009, do inicio en España das accións preventivas contra os incendios forestais, desde o Ministerio puxéronse en marcha varias iniciativas, que inclúen, entre outras, a representación itinerante desta obra por todo o país. A través dela, preténdese amosar que gran parte dos incendios forestais pódense evitar, e que a súa prevención é responsabilidade de todos. O guión orixinal desta peza é do naturalista, escritor e xornalista Joaquín Araújo, que participou, entre outros guións de televisión, en “El hombre y la tierra”.

“Bosque de Bosques” comeza cun novo incendio que fulminou o bosque. Serena, membro da brigada de investigación de incendios forestais, ocupárase de que este feito non quede impune. Para iso, intentará descubrir cal dos dous sospeitosos é realmente o responsable. Rencillas familiares, intereses particulares, contradicións e mesmo o amor envolverán á protagonista e ao único feito que queda claro desde o principio: o bosque foi queimado intencionadamente.



asociación de comerciantes da estrada
centro comercial aberto

merca
a nosa
marca



O pasado 10 de xullo o Festival Rock & Clown da Estrada tomou as rúas da vila para ofrecer un espectáculo integral, sorprendente, inesperado, hilarante e irrepitible, que asombrou aos centos de participantes que seguiron o espectáculo.

O público puido disfrutar de balde deste evento único e rompedor no que actuaron artistas recoñecidos no panorama internacional da talla do descarado Leo Bassi, que realizou unha espectacular performance, e o clown e referente mundial o belga Eric Jenicot, coñecido popularmente como Elliot, que presentou “Rock Comedy Show”.

No apartado musical, o consagrado autor Nacho Vegas compartiu cartel con Tulsa, Elliot Murphy and The Normandy All Stars, Sonic Angels e The Right Ons, nuns concertos que tiveron grande afluencia de público.

As actuacións foron na Praza da Feria aínda que o Festival abarcou todo o pobo con espectáculos de rúa e animación nos que se invitou ao público a interactuar cos artistas, sucedéndose accións espontáneas e sorpresas que fan deste festival unha experiencia participativa e nada estática, salpicada de provocación, descaro, humor, alegría e espontaneidade. Para máis información visita www.rockandclown.aestrada.com



197.000 KILOS DE VIDRO E 165.000 DE PAPEL E CARTÓN PARA A SÚA RECICLAXE NO PRIMEIRO SEMESTRE

Durante os primeiros seis meses do ano, os veciños da Estrada depositaron 197 toneladas de vidro e 165 de papel e cartón nos puntos de recollida selectiva, para a súa reciclaxe posterior, segundo os datos ofrecidos polas empresas que xestionan estes residuos (Ecovidrio e Coregal, respectivamente).

No referido ao vidro, nos meses de xaneiro a xullo recolléronse case 200 toneladas, un total de 196.820 quilos; unha cifra que significa unha media de 9 quilos por habitante. Para mellorar esta ratio, o Concello e Ecovidrio están a tomar medidas como a instalación de nove contedores deseñados especificamente para o seu uso masivo por parte do sector hostaleiro. Estes novos equipos, que contan cunha boca de vertido máis ampla, complementáanse con depósitos individuais que serán cedidos aos 39 establecementos que os solicitaron, dos 57 adheridos a este programa.

En canto á recollida selectiva de papel e de cartón, Coregal recolleu un total de 165.260 quilos, sendo o mes de xaneiro un dos que máis residuos xenerou, posiblemente polos envoltorios dos regalos das datas festivas, cun total de 28.870 quilogramos.



A black and white advertisement for 'café PIAF'. On the left is a high-contrast, black and white portrait of a woman with curly hair, looking upwards. To the right of the portrait, the text 'café' is in a lowercase, sans-serif font, and 'PIAF' is in a large, bold, uppercase, sans-serif font. Below this, the text 'Praza Martínez Anido. A Estrada. Pontevedra' is written in a smaller, sans-serif font.

SERVICIOS Y TELÉFONOS DE INTERÉS



HORARIO DE AUTOBUSES

AUTOBUSES "LA ESTRADENSE"

A ESTRADA - SANTIAGO

Días Laborables: 06:55-07:20-08:00-08:30-09:10-10:00-10:45-13:15-15:00-15:30-16:30 (días lectivos)-18:00-19:00-*20:00 (de luns a xoves lectivos)

Bus universitario: 07:20 (C. Sur)-07:20 (C. Norte)-15:00 (Saídas da Praza de Galicia)

Sábados: 08:30-10:00-15:00-18:15

Domingos e Festivos: 09:00-18:15

Nota: Saídas dende a estación de autobuses de A Estrada e Santiago de Compostela. Paradas en Santiago: Hipercor-Pontepedriña-Avda. de Lugo-Estación de autobuses.

** Este bus non pasa pola Avenida de Lugo.

* Este bus sae do C. Norte para a estación de autobuses (Non pasa polo C. Sur)

SANTIAGO - A ESTRADA

Días Laborables: 07:45-09:00 (Enlace en Souto de Vea)-09:45-10:30-11:30-12:30-13:30 (Días lectivos)-14:00-15:15-16:30-17:15-18:00 (Días lectivos)-19:00-20:15

Bus universitario: *15:00 (Saída do Campus Norte)-*21:30 (C. Norte e C. Sur)

Sábados: 9:15-12:30-17:15-20:15

Domingos e festivos: 12:30-20:00

A ESTRADA - PONTEVEDRA

Días Laborables: 6:30-7:45-8:25-9:55-13:00-15:30-18:45

Sábados: 8:30-9:55-15:30

Domingos e Festivos: 18:00

PONTEVEDRA - A ESTRADA

Días Laborables: *8:00-*9:45-*12:00-13:15-*14:15-*17:00-*19:10-20:00 (* Líneas de destino Lalín)

Sábados: *12:00-13:15-*17:00-19:10

Domingos e Festivos: *20:00 (* Líneas de destino Lalín)

A ESTRADA - LALÍN

Días Laborables: 9:15-11:00-13:20-15:30-18:00-20:00

Sábados: 13:20-18:00

Domingos e festivos: 21:00

LALÍN - A ESTRADA

Días Laborables: 7:30-8:40-14:30-17:45

Sábados: 14:30

Domingos e festivos: 17:00

LALÍN - SILLEDA

Días Laborables: 12:25

A ESTRADA - VIGO

Días Laborables: 7:45-15:30

Sábados: 8:30

Domingos e festivos: 18:00

VIGO - A ESTRADA

Días Laborables: 11:15-18:30

Sábados: 11:15

Domingos e festivos: 19:30

A ESTRADA - CRUCES

Días Laborables: 20:00

CRUCES - A ESTRADA

Días Laborables: 6:55

Sábados: 7:30

A ESTRADA - CERDEDO

Días Feira: 13:15

CERDEDO - A ESTRADA

Días Feira: 9:55 (Bar Rojo)

A ESTRADA - FORCAREI

Días Laborables: 18:30

Sábados: 13:15

Días de Feira: 13:15-18:30

FORCAREI - A ESTRADA

Días Laborables: 7:30

A ESTRADA - BEARIZ

Días Laborables: 18:30

Sábados: 13:15

BEARIZ - A ESTRADA

Luns e Venres laborables: 7:00

A ESTRADA - NIGOI - TABEIROSO - CODESEDA

Días Laborables: 13:15-18:30

ALTO DA RUZ - CALDAS DE REIS por Arcos e Moraña

Días Laborables: 9:30

CALDAS DE REIS - ALTO DA CRUZ por Arcos e Moraña

Días Laborables: 12:00

A ESTRADA - SOUTO DE VEA por Sieiro e Matalobos

Días Laborables: 12:00 (Saída da Praza de Galicia)

SOUTO DE VEA - A ESTRADA por Sieiro e Matalobos

Días Laborables: 9:30 (Salida desde Bar "A Parra", en Souto de Vea)

OS VERXELES - AUGAS MANSAS - RUA DA ROSA (Santiago)

Días Laborables: 7:30-10:30-12:30-15:00-16:30-19:15

RUA DA ROSA (Santiago) - AUGAS MANSAS - OS VERXELES

Días Laborables: 8:00-10:00-11:45-14:20-16:00-18:50-20:00



SALUD

Ambulatorio	986 57 20 63
Urgencias	986 57 20 64
Centro Saúde de Codeseda	986 58 40 09
Centro Saúde de Oca	986 58 77 46
Centro Saúde de Vea	986 58 65 90
Farmacia Codeseda	986 58 41 69
Farmacia Oca	986 58 74 47
Farmacia Vea	986 58 67 60
Farmacia O Foxo	986 58 83 41
Farmacia Durán	986 57 08 57
Farmacia Eirín	986 57 05 32
Farmacia Outón	986 57 08 17
Hospital Provincial	986 85 55 00



CULTURA

Biblioteca	986 57 31 88
CEIP Codeseda	986 58 40 15
CEIP Figueroa	986 57 00 56
CEIP Manuel Villar Paramá	986 58 64 93
CEIP Oca	986 58 76 65
CEIP O Foxo	986 58 80 80
CEIP Pérez Viondi	986 57 00 54
Club de lectores de Galicia	986 57 34 06
Conserv. Prof. de Galicia	986 57 24 92
CPR Nra. Sra. de Lourdes	986 57 08 74
- Infantil e primaria	986 59 01 09
- Secundaria	986 57 36 01
Delegación de Cultura	986 57 03 36
IES "A. Losada Diéguez"	986 59 01 04
IES "M. García Barros"	986 57 20 54
IES N° 1	986 59 01 21
Oficina inform. xuvenil	986 59 01 21



ORGANISMOS

Acad. Galega de seguridade	986 59 00 21
AEAT	986 57 22 11
Asociación de consumidores e amas de casa	986 57 31 13
Asociación de Empresarios	986 57 14 11
Axencia Gal. de colocación	986 57 34 06
Centro Social 3ª idade	096 57 15 96
Concello da Estrada	986 57 01 65
Correos e telégrafos	986 57 00 57
Escola Taller	986 57 33 36
Fund. Comarcal Tabeirós	986 57 21 57
Terra de Montes	986 57 34 06
Fundación de Exposiciones e Congresos	986 57 34 06
Garda Civil	986 57 00 44
INEM	986 57 06 15
Policía Local	986 57 08 98
Protección Civil	986 57 33 33
Radio Estrada	986 57 34 33
Servicio de recadación	986 57 21 75
Xulgado de 1ª instancia	986 59 09 39

PubliCity distribue esta publicación



**BUZONEOS
PARABRISEADOS
REPARTO EN MAN
PEGADA DE CARTEIS
...e todo tipo de repartos**

ORZAMENTO PERSONALIZADO



**Orzamentos en 24 h
Reparto de periodicos e revistas**

Telf. 625 85 50 58 - publicity.negreira@gmail.com

www.publicitygalicia.com



CENTRO GALLEGO DE AUDIOLOGÍA

www.centrogallegodeaudiologia.es
info@centrogallegodeaudiologia.es
sandra@centrogallegodeaudiologia.es



✓ **PRUEBAS DE AUDICIÓN
COMPLETAMENTE GRATUITAS**

✓ **30 DÍAS DE PRUEBA GRATUITA**



C/ Derechos Humanos, 11. Bajo. BOIRO
C/ Nueva de Agosto, 12. Entr. RIBEIRA
Pt. Arximiro Suárez, 2 bajo (Labarta-Jardín Infantil). NOIA
(Cita previa en los teléfonos 981 592 795 y 981 599 596. Fax 981 574702)

C/ La Rosa, 22. SANTIAGO
De lunes a viernes de 10 a 19 hs.
Tel. 981 592 795 y 981 599 596. Fax 981 574702